

**ACTA NÚMERO 4/2016**  
**SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**DO DIA 28 DE XULLO DE 2016**

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e oito de xullo de dous mil dazaseis, reúnese o Pleno da Corporación deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

**ASISTENTES:**

***Alcalde:***

D. Antonio Pereiro Liñares

***Concelleiros:***

D<sup>a</sup>. Maria Costa Calviño

D. José Manuel Cancela Cancela

D<sup>a</sup> Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D<sup>a</sup> Manuela González Pallas

D. José Manuel Gómez Louzao

D. Carlos García Vázquez

D. Tomás Castro Liñares

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

***Secretaria:***

D<sup>a</sup> Ana Beatriz Oveja Villafañe

***Non asiste:***

D. Luis Vázquez Leis

**ORDE DO DIA**

- 1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-
- 2.- DACIÓN CONTA DE DECRETOS DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.-
- 3.- CALENDARIO LABORAL 20 17.-
- 4.- APROBACIÓN CONTA XERAL.-
- 5.-MOCIÓNS.-
- 6.- INFORMACIÓNS DE ALCALDIA.-
- 7.- ROGOS E PREGUNTAS.-

**1.- LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-**

Pola Presidencia indícase que foi remitida, xunto coa convocatoria desta sesión a acta da sesión plenaria nº 3/2016 celebrada o 30 de maio de 2016, preguntando aos concelleiros asistentes si existe algunha obxección á mesma.

Sometida a aprobación queda aprobada a acta anterior polas persoas que asisten ao pleno.

## **2.- DACION CONTA DE DECRETOS DENDE A ULTIMA SESION ORDINARIA.-**

Pola Presidencia dase lectura dos Decretos e Resolucións da Alcaldía que van dende o 25.05.2016 comenzando co número 53/2016 ata o día 12 .06 .2016 terminando no número 102/2016, e dos que os concelleiros teñen copias.

Interven o concelleiro do PSdeG-PSOE decindo que faltan os decretos 103-115 da última quincena de xullo, e deben nos o decreto 49 que faltaba do anterior pleno

O señor alcalde lle responde que a funcionaria que leva esto está de vacacións, e entregáronse os que había preparados antes de marchar ela de vacacións.

## **3.- CALENDARIO LABORAL 2017.-**

Pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, remítese o calendario laboral para o ano 2017 que literalmente copiado dí:

"En cumprimento das instrucións recibidas da Subdirección Xeral de Relacións Laborais, comunícolle que para o calendario laboral do ano 2017 en canto ás festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia, se prevén as seguintes:

17 de maio .....Día da Letras Galegas  
25 de xullo .....Día Nacional de Galicia

Así mesmo, deberán terse en conta as festas de ámbito estatal que para o ano 2017 se prevén que sexan as seguintes:

6 de xaneiro.....Día de Reis  
13 de abril.....Xoves Santo  
14 de abril.....Venres Santo  
1 de maio .....Festa do Traballo  
15 de agosto .....A Asunción  
12 de outubro .....Día da Hispanidade  
1 de novembro .....Todos os Santos  
6 de decembro .....Día da Constitución  
8 de decembro .....A Inmaculada Concepción  
25 de decembro .....Nadal

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo e dictar a correspondente resolución. Por todo o exposto o alcalde propón como festivos locais para o ano 2017 os seguintes:

- O 28 de febreiro de 2017 (martes de entroido)
- O 15 de maio (San Isidro).

Sometese a votación e votan

A favor 7 PP; 1 BNG,

En contra 2 PSdeG-PSOE

O concelleiro don Carlos interven xustificando o seu voto en contra pois quere mantera mesma proposta doutros anos.

Ahora interven dona Pilar García recordando que ela estar ía a favor do dia San Juan.

Logo de facer a votación, apróbase este punto por maioría dos membros presentes.

#### **4.- APROBACION CONTA XERAL.-**

##### PROPOSTA ALCALDIA

Aprobación da Conta Xeral do exercicio 2015, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, según lexislación vixente.

Visto o informe de Intervención emitido sobre ela e o Dictamen desta Comisión.

Visto que a mesma expuxose ao público para que poideran presentarse reclamacións, reparos ou observacións.

Visto o informe da Comisión Especial de Cantas, e de conformidade co disposto no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réximen Local.

Unha vez explicado o expediente sometese a votación o seguinte ACORDO: Primeiro: aprobar a Conta Xeral do exercicio 2015

Segundo: Rendir a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Cantas, tal e como se establece no artigo 212.5 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

José García tecnico explica o expediente e informa de que os préstamos estanse amortizando de maneira máis acelerada este ano.

Interven o señor alcalde decindo que somos dos concellos que estamos pagando en menos días aos provedores.

Interven Carlos Garcia PSdeG-PSOE decindo que non estubo na Comisión de Cantas e pregunta a que se debe o remanente e en que se aforrou?, o que lle responde José García que se melloraron en ingresos e reduciuse en gastos, etc.

O concelleiro do PSdeG-PSOE dí que non recibiu esta información por correo electrónico, e pregunta se non quedou ningunha obra sen executar?.

Ahora interven o señor alcalde explicando o procedemento que se segue coas subvención, que hai que pagar todo e despois eles dan a cantidade correspondente.

Sometese a votación a proposta da alcaldía e votan

-A favor 7 PP

- Absteñense 2 PSdeG-PSOE (motiva a súa abstención por falta de información) e 1 BNG.

Polo que queda aprobada por maioría absoluta a proposta da alcaldía nos seus propios termos.

## 5.- MOCIONS.-

Explica o concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos García que a mocion que vai presentar é referente a revisión catastral que xa se trouxo no anterior pleno e que debido a que lle estan chegando cartas á xente de Tordoia presenta novamente para ver si se pode aplicar o ano que ven.

Polo señor concelleiro do PSdeG-PSOE don Carlos Garcia Vázquez da lectura a MOCIÓNS que literalmente dí:

El Grupo Municipal del Partido de los Socialistas de Galicia -PSOE de Tordoia, en base a lo dispuesto en los Art.: 91.4 y 97.3 del reglamento de organización, funcionamiento, régimen jurídico de las entidades locales y CATASTRAL, con base en lo siguiente:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

El procedimiento de revisión catastral impulsado desde el ministerio de Hacienda, con el objetivo de aumentar la recaudación y así intentar sanear las cuentas de los ayuntamientos, está ocasionando un impacto importante en los bolsillos de los vecinos de Tordoia, en donde no pondríamos la vista, es en los vecinos del Ayuntamiento de Tordoia.

El impacto de la regularización del valor catastral de las viviendas, junto con el incremento de este, y si a mayores le sumamos que la ley obliga a cobrar la diferencia existente desde el año 2011, nos encontramos con un fuerte incremento del recibo, subida que insistimos, no tienen nada que ver nuestros vecinos. No son los culpables de que no se actualice el catastro cada cuatro años, ni tampoco que el recibo que estaban pagando fuese muy inferior al que le correspondería en realidad, ellos pagan lo que le pone el recibo.

Por todo lo anterior, el Grupo municipal Socialista de Tordoia, debido a la importancia que supone dicho incremento, insta al pleno municipal a adoptar los siguientes ACUERDOS:

- Rebajar el porcentaje al máximo permitido por ley, el 40%
- Bonificar las explotaciones Agro-ganaderas y Forestales en un 95%
- Bonificar las viviendas que carezcan de servicios básicos
  - Viviendas que carezcan de agua de traída pública 25%
  - Viviendas que carezcan de saneamiento 25%
  - Viviendas que carezcan de servicios de telecomunicaciones 25 %
- Revisar todos los valores catastrales de las viviendas, prestando atención a las que no destinen toda la superficie a vivienda.
- Prorrogar el pago de los atrasos a 10 años, siendo así el 10% cada año.

O concelleiro segue explicando que coñece dous casos, concretamente un deles un veciño de Tordoia que lle valoravan a súa vivencia en 500.000 pts a 55.000€.

Intervieno o alcalde explicando o documento de resposta da moción presentada no pleno do 30.05.2016 polo PSdeG-PSOE en relación coa revisión do catastro que literalmente dí:

"En relación cos acordos que propón nesta moción, manifestamos:

- A porcentaxe máxima pola leí do 0.40% é o que está en vigor para o ano 2016.

- A bonificación de explotacións agro-gandeiras está rebixada nun 50%.
- A revisión dos valores catastrais é competencia do Ministerio de Facenda.
- En canto ás bonificacións por carencia de servizos , xa está estipulado no valor da vivencia.

De todas maneiras quero recordarlles que no último pleno , presentou vostede unha moción neste sentido, na cal se explicou que no pleno de setembro de 2015, esta alcaldía propuxo e así foi aprobada polo grupo popular cos votos en contra do partido socialista de Tordoia, a seguinte rebaixa de impostas:

- IBI: baixada do tipo do 0,48 ao 0,40%
- Bonificación para actividades agro-gandeiras e forestais: bonificación do 50%
- Recollida do lixo: rebaixa dun 10%
- Imposto licenza de obras: rebaixa dun 20%"

Interven Carlos decindo que dentro duns días vai haber máis de 600 denuncias. Sometese a votación e votan:

- A favor 2 PSdeG-PSOE
- Abstención 1 BNG
- En contra 7 PP.

Polo que non queda aprobada a proposto do grupo PSdeG-PSOE.

O concelleiro do PSdeG-PSOE Carlos Garcia di que a leí non nos permite baixar os impostas por estar endebedados.

## **6.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-**

O señor alcalde informa do seguinte:

. Concederon da Consellería de Medio rural unha axuda de 21.000€ para camiño en Viladoabade (firmará o luns o convenio).

. Asinouse un convenio coa Deputación para o punto de atención a visitantes.

. Estamos en marcha con un obradoiro de emprego con Cerceda e Trazo e consta de 2 módulos.

. Tamén informa que a web e o portal de transparencia deste concello esta a punto de rematarse.

## **7.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

PREGUNTAS FORMULADAS POLA CONCELEIRA DO BNG, dona M<sup>a</sup> Pilar Garcia Pereiro:

- a.· Que pasa co PXOM?

Interven o señor alcalde dicíndolle que pase cando queira palas oficinas do concello e enseñaselle todo o que queira.

ROGOS PRESENTADOS POLA CONCELEIRA DO BNG, dona M<sup>a</sup> Pilar García Pereiro

- a.· Que se arranxe no Pousadoiro un camiño que xa se amañou e xa volve a estar levantado
- b.· Un punto de luz en Santaia na aldea que vai cara a casa do Cura que parece que xa o pediron fai tempo.

PREGUNTAS FORMULADAS POLO CONCELLEIRO DO PSdeG-PSOE, don Carlos García Vázquez

- a.· Pregunta polo Plan Xeral de Ordenación Municipal, pois ten noticias de que faltan documentos, e o señor alcalde debe sair aos medios a decir a verdade.
- b.· Pregunta sobre a concentración parcelaria? O señor alcalde responde que é cuestión da Xunta de Galicia.

Non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia se levanta a sesión, sendo as 14 :15h.